

A XUNTA PRETENDE RECORRER CONTRA A SENTENZA DO TSXG QUE LLE OBRIGA A DAR MÁSCARAS FFP2 AO SEU PERSOAL

A Xunta de Galiza incumpre o que dispón a normativa europea, trasposta á do Estado Español, ao non actualizar ao Risco III a avaliación de riscos dos centros residenciais (de maiores, menores, discapacitados, etc.), centros de día e escolas infantís da Consellaría de Política Social.

Ante a pasividade da Xunta de Galiza de aplicar medidas preventivas axeitadas que protexan as persoas traballadoras e usuarias, **a CIG tivo que recorrer ao xulgado** despois de que a Administración desoíse os requirimentos da Inspección de Traballo e Seguridade Social. En Sentenza do TSXG (CCO CONFLICTOS COLECTIVOS 0000007/2021), o **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o servizo de prevención alleo, MUGATRA CUALTIS, foron condenados a facilitar as máscaras FFP2 e a modificar a avaliación de riscos**, respectivamente, tanto en centros de maiores como de escolas infantís.

As persoas usuarias de centros de maiores e menores, ou ben non usan máscaras, ou ben non as usan en todos os momentos da xornada, momentos estes nos que tampouco se pode gardar a distancia de seguridade (aseos, dar de xantar, etc.)

Despois de observar como as vagas de contaxios prendían nos centros residenciais de Política Social, a pesar de estar vacinado tanto o persoal como as persoas usuarias, por exem-

plo, no caso do CAPD de Redondela, 50 persoas usuarias -4 delas ingresadas e 1 falecida- e 21 traballadoras/es, é fácil concluír que non se están adoptando as medidas preventivas axeitadas.

A Xunta é tan irresponsable que recorre unha Sentenza en materia de prevención de riscos laborais cando se está a comprobar que non se cumpren as medidas de protección da saúde que esixe Inspección de Traballo, non se adecuaron protocolos e avaliacións de risco ao nivel de Risco III e non se lles proporcionou aos cadros de persoal as máscaras FFP2 de protección respiratoria.

Cando xa se fala dunha terceira dose das vacinas, e mentres sufrimos unha quinta vaga de contaxios nos nosos centros, a **Xunta**, nunha **conduta temeraria**, non só mira para outro lado na aplicación das medidas preventivas senón que desobedece ou recorre ás que lle instan a aplicar tanto a autoridade laboral como a xudicial.

